



**UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

04. FEB 02 0954

O apartado 103.3 das Normas de Xestión Académica establece que a solicitude de concorrencia ós premios extraordinarios de licenciatura presentárase nas Unidades de Xestión Académica nos prazos que determine o Rectorado.

A vista da petición da Facultade de Xeografía e Historia para a apertura dun novo prazo para a Licenciatura en Historia de xeito extraordinario por non terse presentado candidatos no prazo ordinario,

ESTE RECTORADO RESOLVEU:

Único.- Os alumnos que reunindo os requisitos desexen concorrer á convocatoria de Premio Extraordinario de licenciatura na titulación de Historia impartida na Facultade de Xeografía e Historia poderán solicitalo entre o **4 e o 18** de febreiro.


As solicitudes presentáranse na Unidade de Xestión Académica do Campus Sur.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2002

(P.D. de R.R. de 29 de xaneiro de 2002)

O VICERRECTOR DE INVESTIGACIÓN




José Ramón Leis Fidalgo

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓN - SR. DECANO DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA - SR. XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA.- SRA. XEFA DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO SERVICIO DE INFORMACIÓN - SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR.